

Condición humana

O detective Suso Espada, xa coñecido no panorama da literatura galega pola súa primeira entrega O misterio de Grial, volta recrear para o lector mozo una das súas pescudas máis interesantes e atrevidas. Neste caso baixo o título *Istanbul e o cabaliño de ouro* amosa os seus dotes detectivescos cando ADN, axencia para a que traballa, o envía a Turquía para investigar a desaparición de Carme Mosquera Palacios, unha galega apresada en Istanbul acusada de tráfico de drogas. Coa axuda de Tamar, a intérprete e de Nihat, o chofer, comprobará a complexidade da operación e tempo despois será quen de resolver os enigmas aparecidos no transcurso da súa estada en terras turcas.

Un comezo insinuador, una descrición espazo-temporal minuciosa, un final aparentemente inacabado e una boa dose de intriga, proporcionada sobre todo polo misterio que pechan culturas alleas, queren achegar á trama central una tensión narrativa que se ben acadá picos emocionantes nalgúns momentos, noutros perde intensidade, ben porque non están suficientemente explotadas as esceas que parecían clave ou ben por-

Na pista de Suso Espada

 MARÍA NAVARRO



que os personaxes carecen da consistencia precisa para manexar os fíos do seu destino doutra forma. En

calquera caso, o paseo por Istanbul, onde a mestura de culturas é tan evidente e onde a vida cotiá está tinguida de profundas crenzas, propicia una riqueza para o lector que terá a ocasión de comparar modos de actuar e tempos no que suceden as cousas.

Por outra parte, a introdución dalgún que outro enigma na posible resolución do caso que ten como horizonte e/ou raíces na cultura popular galega supón para a historia un entrelazado que nos afasta e nos achega quizais á cerna do ser humano: imprevisible e voluble por natureza, sexa cal sexa a súa orixe e a súa condición -e que quizais dende o punto de vista pedagóxico pode ser analizado como un modelo de globalización-.

Seguiremoslle a pista a Suso Espada e agardaremos novas entregas deste personaxe curioso, inspirado na novela de detectives pero con sinais de identidade propios, que, se cadra, medra co tempo.

FERNÁNDEZ NAVAL, X.,
Istanbul e o cabaliño de ouro,
Ed. Everest, A Coruña, 2008, 176
páxinas.